

Lugo, 6 de xullo de 2012. A Xornada “A cultura do monte” organizada por ADEGA o pasado 29 de xuño acolleu a expertos na cultura tradicional galega, nos montes veciñais en man común e no patrimonio cultural dos montes. O acto, que estivo apoiado pola Área de Cultura e Turismo da Deputación provincial de Lugo, celebrouse no Salón de Actos desta institución. Esta palestra foi a primeira do ciclo de charlas que ADEGA prevé para a segunda edición do proxecto “Cultura e Territorio”, enmarcada na campaña “Ponte no medio. Móvete polo territorio”, que pretende dar resposta ás agresións contra o noso patrimonio cultural e ambiental do país.



O primeiro da palestra en intervir foi Carlos Morgade, historiador e membro da Organización Galega de Montes en Man Común (ORGACCMM). Morgade titulou a súa exposición “Montes comunais: historia dunha supervivencia”, a través da cal fixo un repaso histórico das ameazas ás que se viron sometidos os montes veciñais galegos, únicos no Estado, que se rexen polo sistema xermánico de xestión no que os únicos xestores son os veciños e veciñas comuneiras. O feito de seren terreos alleos ao tipo de propiedade que se contempla no dereito romano convérteos en espazos indivisíbeis e inembargábeis tendo que superar ao longo dos tempos ás intencións dos ilustrados no século XIX e do franquismo no século XX, así como a desamortización de Madoz en 1855, de eliminalos, dividilos ou destinalos á forestación total. Carlos Morgade trasladou o debate sobre a situación dos montes comunais á época actual na que a nova Lei de Montes de Galiza pon en perigo, unha vez máis, a súa supervivencia como montes veciñais e de carácter xermánico e multifuncional.


A CULTURA DO MONTE



